

## FUNDACIÓN EDUCATIVA TORRE DE LEMOS

**Procedemento:** SUBVENCÍONS A CENTROS PRIVADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA DOTACIÓN DE MEDIOS DIXITAIS APROPIADOS PARA A ENSINANZA E APRENDIZAXE EN CALQUERA MODALIDADE, PRESENCIAL, A DISTANCIA E MIXTA (ED301K)

**Expediente:** ED301K-2022-0061

**Centro educativo:** CPR PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS

### ANTECEDENTES

1. Por orde do 11 de agosto de 2022, (DOG núm.167 do 2 de setembro de 2022), aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a centros privados sostidos con fondos públicos para a dotación de aulas dixitais, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (Código de procedemento ED301K).

2. As subvencións obxecto desta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.421A.782.0, código de proxecto 2022 00072, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, por importe total de 4.928.993€, financiados pola Unión Europea-NextGenerationEU, a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo cal se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoio da recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Resultando de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

3. Coa data 30/09/22 a entidade FUNDACIÓN EDUCATIVA TORRE DE LEMOS presentou a solicitude para a dotación de aulas dixitais no centro educativo CPR PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS, de conformidade co artigo 9 das bases reguladoras, dentro do prazo establecido ao efecto.



A solicitude e a documentación achegada foi revisada e comprobouse que cumpre coas exigencias contidas nas bases reguladoras e na normativa de aplicación e contén a documentación necesaria ou se emendou a falta de documentos preceptivos.

4. O 16 de novembro de 2022 ditouse, polo órgano instrutor, proposta de resolución definitiva ao terse prescindido do trámite de audiencia por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados, ao abeiro do disposto no artigo 19 das bases reguladoras, en relación ao artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, da Lei de subvencións de Galicia.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O órgano competente para ditar a presente resolución é a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica en base ao establecido no artigo 17 das bases reguladoras.

2. O artigo 21 da Lei de subvencións de Galicia establece o seguinte:

*“Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada”.*

3. As entidades beneficiarias das subvencións adquiren os compromisos e obrigas establecidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 25 das bases reguladoras.

A data límite para que as entidades beneficiarias presenten a documentación xustificativa dos investimentos é o 30 de novembro de 2022, para o cal deberán achegar a documentación establecida no artigo 27.2 das bases reguladoras.

En todo caso, e tal como se recolle no número 3 do citado artigo 27, os gastos xustificadas deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas pola Consellería na resolución de concesión da subvención, ou coas modificacións autorizadas, e responder de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.

A estes efectos a dixitalización das aulas que resulten subvencionadas realizarase de conformidade coas modalidades establecidas no artigo 5 das bases reguladoras, de modo que se acade a dixitalización das mesmas conforme as citadas modalidades solicitadas e

concedidas, non sendo posible xustificar a adquisición de parte do equipamento da aula que non supoña acadar a dixitalización da mesma de conformidade ao indicado nas bases reguladoras.

Polo exposto, **RESOLVO**

**Conceder** a FUNDACIÓN EDUCATIVA TORRE DE LEMOS, co NIF G27377126, unha subvención para a dotación de aulas dixitais de acordo coas seguintes condicións:

Centro educativo: "CPR PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS"

Número de aulas subvencionadas Modalidade A): 9

Modalidade B subvencionada: - Número de aulas: -

Importe da subvención concedida: 19.729,93 €

Observacións: A aula de informática non é subvencionable ao non contar previamente co equipamento básico de dixitalización: panel dixital interactivo de alomenos 62 pulgadas. En educación primaria só son subvencionables 4 aulas, segundo a ratio establecida no artigo 8 das bases reguladoras. A aula de 5º de primaria excede do investimento máximo subvencionable.

Esta resolución non esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a súa notificación.

O que se lle notifica en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López